


CONTOS POPULARES

OS AVISOS DA MORTE

Un rapaz encontrouse coa morte unha vez, e fixéronse moi amigos. Entón o rapaz díxolle á morte que, xa que eran amigos lle ía pedir un favor: que se podía avisar antes de ir por el, que así podía divertirse mellor. A morte prometeulle ao rapaz que así o faría.

Despedíronse, e pasaron mitos anos sen que o rapaz recibira ningún aviso. Pero un día presentouse a morte diante do rapaz, que agora xa ía indo vello, e díxolle que viña por el. O home, todo asustado, díxolle que iso non era o trazaran, que quedara de avisalo con tempo, e que estas non eran as palabras. A morte contestoulle:

- ¿Branquexouche o pelo?
- Branquexou –contestou o home.
- ¿Caéronche os dentes?
- Caeron.
- ¿Perdiches as forzas?
- Perdín.
- ¿E logo, que máis avisos querías?



O RATO DO MONTE E O DA CASA


Saíu unha vez un rato da casa nun día de inverno, e encontrouse cun rato do monte cheo de frío e moi fraco.

- ¿E ti cómo estás así tan fraco?-díxolle o rato de casa- Vente comigo , que alí onde eu estou hai sempre de comer sen necesidade de pasar frío nin mollarse para buscar de comer.
- ¿E o gato? – Preguntoulle o do monte.
- ¡Bo! –respóndelle o da casa. Hai un, pero é como se nada. Sempre está durmido. Ti ven e verás como pazo diante del e nin sequera me ve.

Foron os dous á casa, e viron o gato durmido diante da porta. Pasou o rato por diante del todo confiado, pero o gato abriu un pouco os ollos, deu un brinco, e o gato quedou entre as uñas e os dentes do gato.

O rato de monte que tal viu, deu media volta e dixo:

- Vale máis no monte fraco, que gordo no cu do gato.



DEIXA O MUNDO COMO ESTÁ

Un galego e un andaluz están nunha fonda onde só lles puxeron de comer un prato de patacas con carne, estando a carne no lado do galego e as patacas no do andaluz...

O andaluz comezou a falarlle ao galego do movemento de rotación do mundo,e, para explicarllo mellor, comezou a mover lo prato, pois o que quería era deixar a carne do seu lado, e namentres dicía:

- ¿Lo ves? Así es como gira.

Pero o galego, entendeu o xogo, e volteando o prato, coa carne para si berroulle ao andaluz:

- ¡Deixa o mundo como está ou féndoche a testa!